

ENTREGA DE LA MEDALLA CASTELAO

Santiago de Compostela, 28 de junio de 2024

DISCURSO DE JULIO ANCOCHEA, PRESIDENTE DE ASOMEGA

Excelentísimo señor Presidente da Xunta de Galicia,
Excelentísimo señor Presidente do Parlamento de Galicia,
Excelentísimos señores Conselleiros,
Alcaldesa da Pobra de Trives e demais autoridades eiquí presentes,
Amigas e amigos todos, señoras e señores...

Castelao é galeguidade e universalidade, é amor pola palabra e a arte, é encontro, inquietude pola vida, é unha figura que trascende as ideoloxías porque evoca principios, sentimentos e razóns cos que todos podemos identificarnos.

E é médico. Aínda que se lle atribúe esa célebre frase, na que descargaba boa parte do seu arsenal irónico, que dicía:

"Fíxenme médico por amor a meu pai; non exerzo a profesión por amor á humanidade"

A Asociación de Médicos Galegos (Asomega) aposta polo talento científico e polo crecemento dos profesionais da sanidade, pero visto dende un prisma particular: o da galeguidade, a paixón por Galicia, vivida en moitas ocasións dende a distancia.

Dende que hai trinta anos un grupo de médicos galegos afincados en Madrid crearon Asomega, a asociación tratou de aglutinar un infindo labor no que conflúe o amor a Galicia e á medicina. Tratou de unir a moitos que exercemos aquí e alá pero seguimos vivindo e amando a nosa terra día tras día.

En ASOMEGA cremos que o futuro pertence aos que cren na beleza dos seus soños. Cremos que a medicina é ciencia, arte, valores pero tamén é sentimento, afectos. Sen sentimentos non hai conceptos.

Falar con alguén é quererlle. Por iso, acreditamos na vocación, no compromiso, na militancia, no rigor científico, na medicina con alma... Ética e estética ao servizo da humanidade.

Como Castelao, sentimos o galego no máis fondo, e coma el sabemos que a distancia rabuña a alma. E axiña identificamos todo aquilo que nos une como galegos, esteamos onde esteamos. E observamos que impregna a nosa forma de exercer a Medicina, a nosa forma de vivir a vida:

- A paixón pola palabra.
- A preocupación pola persoa. Non só o paciente: persoa
- O sentido de comunidade: nós somos mellores ca ti ou ca min.
- ... e ese indefinible aire de familia que se revela cando atopas un galego no recuncho máis recóndito do planeta.

O que foi durante tantos anos director da Casa de Galicia de Madrid, o recordado José Ramón Ónega (insignia de oro de Aomega), afirmaba que "o carácter galego destaca por posuír valores socioculturais de especial significación humana e entre eles están a vocación de servizo e o comportamento humano que esixe a actividade sanitaria e os médicos galegos téñenas suficientemente acreditadas".

Hoxe Aomega madurou e medrou, pero coas mesmas raíces sólidas que os seus fundadores empezaron, con mimo, a coidar hai tres décadas. Hoxe Aomega, consciente de que ese carácter galego aplicado ao sanitario do que falaba Ónega enriquece a relación co paciente, xa non se pon fronteiras e se formula aglutinar a todos os galegos que exercen a Medicina dentro e fóra de Galicia, dentro e fóra de España. Aomega non ten fronteiras. De Santiago e Trives a Cleveland, pasando por Upsala, Colonia, Senegal, Manila o Salvador de Bahía.

Sí, Aomega Internacional, ademais de Aomega Nova, Aomega Muller, Aomega Maiores, Aomega co Rural e Aomega Axuda (a nosa rama solidaria).

Permítanme unha breve referencia aos referentes de Aomega. Nomes como os de Francisco Ruza, Julián García Sánchez, Xulia Buxán, Delia Cerviño ou Eduardo López Bran, entre outros, persoas clave no despegue da entidade.

E, por suposto, o do Profesor Aniceto Charro, actual presidente de honor de Aomega, que hoxe nos acompaña... Tito Charro pode que sexa o home máis bo do mundo: implicado con Aomega, constante, sempre dispoñible para quen o necesite, cariñoso, próximo, galeguista... e excelente médico.

Outros xa non están con nós... como José Manuel Pérez Vázquez, Luis Sánchez Harguindey, Vicente Otero, José Antonio Lamas, Ramón Banet ou José Carlos Cid, todos eles nomes ilustres da Medicina española, aos que Aomega estará sempre agradecida. O recoñecemento e a gratitude son parte irrenunciable dos nosos valores.

Vou rematando, cunha última reflexión sobre esta Medalla Castelo. Dende que comezou a entregarse en 1984 foron moitos os homes e mulleres de ciencia e, en particular, da Medicina, que a recibiron.

Nomes moi ilustres como os de Rof Carballo, Federico Martínón, Marisa Crespo, Rafael López... e entre eles, gañadores do prestigioso Premio Nóvoa Santos de investigación que convoca Aomega, como Peña Guitián, Sánchez Salorio, Gregorio Varela, Ramón Berguer, Ángel Carracedo ou María José Alonso.

Esta é a primeira vez que se entrega a medalla a un colectivo dedicado á Medicina.

E asegúrolles que non hai maior satisfacción para nós que ser o reflexo dun traballo e dunha forma de afrontar a existencia en común. Tamén é unha responsabilidade, por suposto, porque isto nos obriga aínda máis a potenciar esta vertente colaborativa, a apostar aínda con máis decisión polo traballo compartido e o amor a Galicia que, en esencia, é o que constitúe a razón de ser de Aomega.

Felicidades a os outros galardoaos, o Grupo Leilía, Borja Golán, Maite Isla e Amancio López Seijas

¡Sempre Galicia!

Moitas grazas.